



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

CPI CRUZ DO SAR

CURSO 2019-2020

Contenido

1.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.....	2
	1º ESO	2
	2º ESO	2
	3º ESO	4
	4º ESO	4
2.	AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	5
	AVALIACIÓN	5
	CUALIFICACIÓN FINAL. Indicar o procedemento para obter a cualificación de final do curso.	6
	PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	6
	ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE	6
3.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE. (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)	6
	MATERIAIS E RECURSOS	6
	METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)	8
	ACTIVIDADES	9
4.	INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	12
	INFORMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS.....	12
	PUBLICIDADE	12

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
		CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE2.1.1	1.1 Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel.		X	X	X			X
RE2.1.2	1.2 Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade.	X		X	X		X	X
RE2.2.1	2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.	X			X			
RE2.3.1	3.1 Lembra e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.	X				X	X	
RE3.2.1	2.1 Recoñece a partir de la lectura dos textos evanxélicos os rasgos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil.	X				X	X	X
RE3.3.1	3.1 Ordena e explica coas súas palabras os pasos do proceso formativo dos evanxeos.	X			X			X
RE4.1.1	1.1 Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, palabra de Deus, autoridade y caridade.	X				X		X
RE4.2.1	2.1 Coñece e respecta que os sacramentos son acción do Espírito para construír la Igrexa.			X		X	X	X
RE4.2.2	2.2 Asocia a acción do espírito nos sacramentos coas distintas etapas e momentos da vida.						X	X
RE4.2.3	2.3 Toma conciencia e aprecia la acción do Espírito para o crecemento da persoa.			X		X	X	X

2º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE		COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
		CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE1.1.1	1.1 Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.	X			X	X		

RE1.2.1	2. 1 Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.	X				X	X	
RE1.3.1	3.1 Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.				X	X		X
RE1.4.1	4.1 Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. Cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.					X	X	X
RE2.1.1	1.1 Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	X			X			X
RE2.2.1	2.1 Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.				X		X	X
RE3.1.1	1.1 Coñece e describe as características do Deus cristián.	X						X
RE3.2.1	2.1 Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	X			X	X		X
RE3.4.1	4.1 Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	X			X			
RE4.1.1	1.1 Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	X	X	X	X			
RE4.1.2	1.2 Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Pablo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	X	X	X	X		X	X
RE4.2.1	2.1 Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.	X			X			X

3º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
		CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE1.1.1	1.1 Expresa e comparte en grupo situación ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.	X		X	X	X	X	
RE1.2.1	2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.	X		X	X	X	X	
RE1.2.2	2.2 Selecciona escenas de películas ou documentais que mostran a procura de sentido.	X		X	X	X	X	X
RE3.2.1	2.1 Crea e comparte textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo.	X		X	X		X	
RE4.2.1	2.1 escoita testemuñas de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles exprésase.	X			X	X		
RE4.3.1	3.1 Demostra mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.	X	X		X	X		X
RE4.3.2	3.2 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, o pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc.	X	X		X	X		X

4º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
		CL	CMC	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE1.1.1	1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.	X		X	X			X
RE1.1.2	1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	X			X			X
RE1.2.1	2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	X			X			
RE1.2.2	2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	X				X	X	X
RE2.1.2	1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.				X		X	
RE2.2.1	2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufriente e o Mesías político.	X						X
RE3.1.1	1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evangélicos a chamada de Xesús.	X			X			

RE3.2.1	2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Jesús.	X				X		
RE4.1.1	1.1 Elabora xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.	X			X		X	X
RE4.1.2	1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben #ante as eleccións que se lle ofrecen.				X	X	X	
RE4.1.3	1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que recoñece como máis humana.				X	X		X
RE4.2.1	2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade.	X			X	X		
RE4.2.2	2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou pola testemuña.				X	X		X
RE4.3.1	3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.	X		X		X	X	X

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN

● PROCEDEMENTOS

O Departamento de Relixión establece que o traballo realizado polo alumnado durante este TERCEIRO TRIMESTRE PODERÁ SUMAR COMO MÁXIMO DOUS PUNTOS Á MEDIA OBTIDA DO PRIMEIRO E O SEGUNDO TRIMESTRE.

Para establecer a puntuación obtida neste 3º trimestre terase en conta a participación tanto en actividades como en foros propostos a través da Aula Virtual, así como o nivel e as cualificacións dos traballos presentados.

● INSTRUMENTOS

Na actualidade, e por mor das circunstancias especiais, os instrumentos de avaliación empregados de forma preferente son:

- Escalas de valoración das cualificacións obtidas nas actividades realizadas de maneira telemática, preferentemente a través da Aula Virtual pero tamén a través de GOOGLE DRIVE, e correo electrónico.

- Rexistros de control de acceso á Aula Virtual xestionados polos titores.
-

CUALIFICACIÓN FINAL. Indicar o procedemento para obter a cualificación de final do curso.

A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consígnase a CUALIFICACIÓN FINAL coa MEDIA DAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ATA CUN MÁXIMO DE 2 PUNTOS segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes, implicación e grao de calidade nas tarefas propostas e/ou entregadas.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

A totalidade do alumnado ten unha media dos dous primeiros trimestres como mínimo de aprobado polo que non haberá alumnado coa materia suspensa para setembro.

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

Este curso non hai alumnado coa materia pendente.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE. (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

MATERIAIS E RECURSOS

Materiais e recursos do alumnado

Para que o alumnado poida levar a cabo o traballo proposto por este Departamento presuponse que están en disposición dalgún tipo de dispositivo con conexión a internet. Teño constancia de que a Dirección dos centros educativos onde imparto as clases se preocuparon e traballaron neste aspecto, tanto de repartir os equipos e conexións proporcionados pola Xunta de Galicia como de proporcionar outros propiedades dos centros ao alumnado con algún tipo de carencia.

Tanto a comunicación co alumnado como as propostas de traballo aos diferentes cursos estanse a facer por medio da AULA VIRTUAL, e tamén a través dos titores, que son os encargados de poñerse en contacto coas familias.

Cos grupos de alumnos de 3º e 4º cos que xa traballabamos durante o curso con GOOGLE DRIVE, tamén utilizamos algunhas veces esta plataforma, sobre todo cando algún alumno manda un traballo.

O meu correo persoal, que utilizo durante o curso para comunicarme co alumnado ribeira21@gmail.com, tamén o teñen á súa disposición e de feito utilízanos algunhas veces para preguntar dúbidas ou enviar traballos cando por algún motivo non se lles fai doado facelo a través da AULA VIRTUAL.

Materiais e recursos do profesorado

A única profesora deste Departamento contou desde o inicio desta situación co seguinte material propio e imprescindible para traballar desde a súa casa:

- Ordenador persoal e familiar.
- Un teléfono móbil persoal con conexión 3G ou 4G, ou nada, dependendo da calidade do suministro por parte da compañía de telefonía correspondente.
- Unha tableta propiedade do Departamento de Relixión do IES O MOSTEIRÓN.
- Conexión a internet moi inestable.
- Acceso á plataforma dixital dos libros de texto cos que normalmente se traballa na clase. PROXECTO SAVIA, EDITORIAL SM.
- AULA VIRTUAL dos centros educativos.
- Conta CISCO WEBEX proporcionada pola Xunta de Galicia.
- BLOGS correspondentes a cada clase (un por cada curso, compartido cos dous centros de ensino)
www.clasedereli-primero.blogspot.com
www.clasedereli-segundo.blogspot.com
www.clasedereli-tercero.blogspot.com
www.clasedereli.cuarto.blogspot.com
- ADDITIO para rexistrar os traballos do alumnado.
- Caderno da profesora para levar un rexistro das incidencias sucedidas durante este período de confinamento.
- Ficha de control de acceso á Aula Virtual compartida e supervisada polos titores dos diferentes grupos, tanto nun centro como no outro.
- RECURSOS VARIADOS QUE NOS OFRECE A REDE DE MANEIRA GRATUITA:
 - Google Loom, para gravar vídeos co obxecto de explicar actividades.
 - Plataforma YOUTUBE ver e enlazar vídeos, así como para subir e publicar outros.
 - CANVA

METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

A metodoloxía dende a semana seguinte ao confinamento (do 16 ao 22 de marzo) foi a seguinte:

- Seguindo as recomendacións da Consellería de Educación fago un cálculo aproximado das posibles tarefas a encargar ao alumnado en relación ao tempo semanal que ocupa a materia no horario (Unha sesión á semana).
- Os primeiros días e semanas intento poñerme en contacto co alumnado por todos os medios posibles ao meu alcance (Aula Virtual, Google Drive e correos electrónicos do alumnado) e sempre pendente das indicacións dos titores e titoras que son os que máis facilidades teñen para comunicarse co alumnado e coas familias.
- Organizo a AULA VIRTUAL de todos os cursos POR SEMANAS. E así na semana correspondente vou colocando unha ou varias actividades.
Algunha tarefa ocupa o que serían dúas semanas, porque me parece que non a poderían facer de ningunha maneira nunha soa sesión (Por exemplo cando se trata de ver unha película e traballar un pouco sobre ela.
- Dende hai un par de semanas envío sempre unha MENSAXE a todo o alumnado do curso, cada vez que poño unha actividade nova na AULA VIRTUAL.
- Tamén dende hai quince días acostumo a poñer un foro dentro da semana para comentar o traballo e tamén como lles vai no seu confinamento.
- Algunha vez suxiro actividades voluntarias, como por exemplo ver unha película ou un musical en Semana Santa, ou ler un libro relacionado co tema que estamos a tratar (El Principito en 2º de ESO).
- Permanezo atenta durante toda a semana ás actividades que o alumnado envía a través da AULA VIRTUAL principalmente, pero tamén a través de DRIVE ou do CORREO ELECTRÓNICO e vou corrixiendo e cualificando, procuro deixarlles algún comentario.
- Tomei a decisión de NON PECHAR A DATA DAS ACTIVIDADES porque houbo alumnos que tiñan problemas de accesibilidade (por falta de equipos informáticos apropiados para traballar, e de conexión a internet) e non quero quitarlles a posibilidade de facelas en canto poidan.
Esta é unha arma de dobre fío porque naquel alumnado que non accede ou non traballa por preguiza ou deixadez, funcionou algo un aviso inicial de peche de actividade e suspenso conseguinte para o que non a tivera feito.
- GRAVEI algúns vídeos , en 1º e 2º de ESO coa aplicación GOOGLE LOOM. Para explicarlles os contidos e a maneira de facer as actividades propostas.
As actividades acostuman a ser preguntas sobre un texto dado, ás veces do propio Libro de Texto do que lles fago chegar unha captura de pantalla. Comentario dalgunha canción, por medio de preguntas, que lles dea pé para falar

da situación que estamos a atravesar. Visionado e comentario dalgún vídeo informativo, película ou musical con posterior traballo en diferentes formatos.

ACTIVIDADES

1º ESO

- ACTIVIDADES SEMANA DO 16 AO 29 DE MARZO

Na primeira semana o traballo proposto foi rematar a tarefa que estabamos a facer na clase. Rematar de ver unha película e contestas a unhas preguntas sobre ela.

- ACTIVIDADES SEMANA DO 23 AO 29 DE MARZO

Comentamos unha canción para dar pe a que o alumnado escriba sobre a súa opinión e estado de ánimo sobre a situación que estamos a atravesar. A canción é “Vivir” de Rozalem e Estopa.

- ACTIVIDADES SEMANA SANTA

Proposta do visionado dunha película a través de internet: EL HOMBRE QUE HACÍA MILAGROS.

- ACTIVIDADES SEMANA DO 13 AO 19 DE ABRIL

Preguntas y comentario sobre la película El hombre que hacía milagros.

- ACTIVIDADES SEMANA DO 27 DE ABRIL AO 3 DE MAIO

Proposta de ampliación con teoría explicada a través dun vídeo, actividades interactivas recollidas a través de foto ou captura de pantalla.

Foro comentario das actividades e vídeos.

- ACTIVIDADES DO 4 AO 10 DE MAIO

COMO FACER ORACIÓN NUN MINUTO. Visionado dun vídeo de You tube e elaboración dun póster relacionado co contido do vídeo.

As actividades propostas hasta o final do curso continuarán na mesma liña, serán actividades de reforzo ou ampliación sobre temas sempre vistos ao longo dos diferentes cursos de Relixión xa que o currículo da materia está estruturado en catro grandes bloques que se repiten en cada curso ampliando cada ano un pouco máis sobre o traballado o ano anterior.

2º ESO

- ACTIVIDADES SEMANA DO 16 AO 22 DE MARZO
- ACTIVIDADES SEMANA DO 23 AO 29 DE MARZO

Proposta de actividades do libro de Texto que quedaran sen rematar na clase.
Proposta de lectura dun libro relacionado co tema que estamos a tratar: El Principito.
Enlace para descargalo en PDF. Recomendación da película. Trailer enlazado.

- ACTIVIDADES DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

Comentamos unha canción para dar pe a que o alumnado escriba sobre a súa opinión e estado de ánimo sobre a situación que estamos a atravesar. A canción é “Vivir” de Rozalem e Estopa.

- ACTIVIDADES SEMANA SANTA

Proposta do visionado dunha película a través de internet: [EL HOMBRE QUE HACÍA MILAGROS.](#)

- ACTIVIDADES SEMANA DO 13 AO 19 DE ABRIL

Preguntas y comentario sobre la película [El hombre que hacía milagros.](#)

- ACTIVIDADES SEMANA DO 27 DE ABRIL AO 3 DE MAIO

Actividades interactivas ano litúrxico

- ACTIVIDADES DO 4 AO 10 DE MAIO

COMO FACER ORACIÓN NUN MINUTO. Visionado dun vídeo de You tube e elaboración dun póster relacionado co contido do vídeo.

As actividades propostas hasta o final do curso continuarán na mesma liña, serán actividades de reforzo ou ampliación sobre temas sempre vistos ao longo dos diferentes cursos de Relixión xa que o currículo da materia está estruturado en catro grandes bloques que se repiten en cada curso ampliando cada ano un pouco máis sobre o traballado o ano anterior.

3º ESO

- ACTIVIDADES SEMANA DO 16 AO 29 DE MARZO

Rematamos tarefas que quedaron empezadas na clase.

- ACTIVIDADES SEMANA DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

Comentamos unha canción para dar pe a que o alumnado escriba sobre a súa opinión e estado de ánimo sobre a situación que estamos a atravesar. A canción é “Vivir” de Rozalem e Estopa.

- ACTIVIDADES SEMANA SANTA

Proposta de visionado de 33 EL MUSICAL

- ACTIVIDADES SEMANA DO 14 AO 19 DE ABRIL

Comentamos o musical

- ACTIVIDADES SEMANA DO 27 DE ABRIL AO 3 DE MAIO

Visionado dun vídeo “El coro de los Apóstoles” parte do musical 33 EL MUSICAL y comentario por medio de preguntas y foro.

- ACTIVIDADES DO 4 AO 10 DE MAIO

COMO FACER ORACIÓN NUN MINUTO. Visionado dun vídeo de You tube e elaboración dun póster relacionado co contido do vídeo.

As actividades propostas hasta o final do curso continuarán na mesma liña, serán actividades de reforzo ou ampliación sobre temas sempre vistos ao longo dos diferentes cursos de Relixión xa que o currículo da materia está estruturado en catro grandes bloques que se repiten en cada curso ampliando cada ano un pouco máis sobre o traballado o ano anterior.

4º ESO

- ACTIVIDADES SEMANA DO 16 DE MARZO 29

Rematamos actividades feitas na clase. Preguntas I e II sobre o vídeo “Los otros creyentes”

- ACTIVIDADES DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

Comentamos unha canción para dar pe a que o alumnado escriba sobre a súa opinión e estado de ánimo sobre a situación que estamos a atravesar. A canción é “Vivir” de Rozalem e Estopa.

- SEMANA SANTA

Proposta de visionado de 33 EL MUSICAL

- ACTIVIDADES SEMANA DO 13 AO 19 DE ABRIL

Comentamos o musical

- ACTIVIDADES SEMANA DO 27 DE ABRIL AO 2 DE MAIO

Visionado dun vídeo “El coro de los Apóstoles” parte do musical 33 EL MUSICAL y comentario por medio de preguntas y foro.

- ACTIVIDADES DO 4 AO 10 DE MAIO

COMO FACER ORACIÓN NUN MINUTO. Visionado dun vídeo de You tube e elaboración dun póster relacionado co contido do vídeo.

As actividades propostas hasta o final do curso continuarán na mesma liña, serán actividades de reforzo ou ampliación sobre temas sempre vistos ao longo dos diferentes cursos de Relixión xa que o currículo da materia está estruturado en catro grandes bloques que se repiten en cada curso ampliando cada ano un pouco máis sobre o traballado o ano anterior.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS

O alumnado e as familias serán informadas das modificacións feitas á programación do curso 2019-2020 sobre todo no relativo a contidos mínimos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación a través da PÁXINA WEB DO CENTRO e no ENCABEZAMENTO DE CADA CURSO da AULA VIRTUAL desta materia.

PUBLICIDADE

Esta modificación da programación será publicada na páxina web do centro correspondente: CPI CRUZ DO SAR (Bergondo) e IES O MOSTEIRÓN (Sada).